

## **BASES XERAIS**

### **CURSO DE “LINGUA DE SIGNOS A2”**

#### **1. INFORMACIÓN XERAL**

O curso de “*Lingua de Signos A2*” terá unha duración de 60 horas.

*Datas da formación:* 10, 17, 19, 24, 26 e 31 de outubro; 2, 7, 9, 14, 16, 21, 23, 28 e 30 de novembro, 5, 12, 14, 19 e 21 de outubro.

*Horario:* de 16:30 a 19:30 h

*Lugar:* Aula I - Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

*Cota de inscrición:* 30 euros

Número máximo de prazas: 15. Número mínimo de prazas: 10

#### **2. PERSOAS DESTINATARIAS**

Persoas maiores de 16 anos, interesadas en mellorar as competencias na lingua de signos.

Darase preferencia ás persoas que estean empadroadas no Concello de Rianxo.

#### **3. INSCRICIÓNS**

As persoas que desexen participar neste curso realizarán a inscrición en liña en [www.concelloderianxo.gal](http://www.concelloderianxo.gal). Poderase realizar de xeito presencial no Servizo de Xuventude, sito no Auditorio de Rianxo.

O prazo para presentar as solicitudes será **dende o 21 de setembro ás 12:00 ata o 01 de outubro ás 24:00 horas.**



#### 4. SELECCIÓN

A orde de selección é:

1º. Por orde de inscrición entre as que estean empadroadas en Rianxo, maiores de 16 anos.

2º. Por orde de inscrición, maiores de 16 anos.

#### 5. LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

A listaxe definitiva de admitidas publicarase entre os días 4 e 5 de outubro na páxina web do Concello de Rianxo [www.concelloderianxo.gal](http://www.concelloderianxo.gal) e serán avisadas mediante chamada telefónica ou correo electrónico.

As admitidas terán un prazo de 2 días para facer o aboamento da cota de inscrición (30 euros), presentando o xustificante bancario no Servizo de Xuventude. De non recibirse o xustificante no segundo día, chamarase á seguinte persoa da listaxe, que terá un prazo de 2 días para facer o pagamento.

Tanto no caso de non comezar o curso, e non comunicalo por escrito previamente, como desistir da súa participación, non se devolverá a cota de inscrición.

#### 6. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supédítase á acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.